

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Situación:

O IES Marco do Camballón está situado no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), na saída da vila en dirección a Lalín.

Persoal e alumnado do centro:

Conta con entre 240-250 alumnas e alumnos matriculados, 40 profesoras e profesores, unha administrativa, 3 limpadoras e 2 bedeis, 1 coidadora e 1 auxiliar de conversa.

Centros adscritos:

O centro conta con tres centros adscritos, todos do concello de Vila de Cruces, pero ubicados en diferentes núcleos de poboación: CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces), CEIP de Cerdeiriñas (Piloño) e CEIP de Merza.

Ensinanzas que oferta o centro:

O centro oferta na actualidade dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e mais Humanidades e Ciencias sociais), formación profesional básica de Servizos Administrativos, ciclo formativo de grao medio na especialidade de Soldadura e Caldeirería (2000 horas) e ciclo formativo de grao medio na especialidade Atención a persoas en situación de dependencia (2000 horas).

As materias que se imparten en cada curso en galego ou castelán están concretadas no Proxecto Lingüístico de Centro. Ademais, o centro fomenta a competencia plurilingüe do alumnado coa oferta de seccións bilingües de inglés en 1º de ESO (Educación física), 2º de ESO (Educación física e Matemáticas) e 3º de ESO (Educación física e Matemáticas).

Características singulares:

A Escola Municipal de Música conta cunha matrícula elevada debido, sobre todo, á gran tradición musical da zona, que conta con dúas bandas de música: Unión Musical de Ponteledesma e Banda Artística de Merza, sendo esta última unha das bandas populares máis antigas de Galicia.

A vila conta ademais co Club de Loita Keltói Cruces, que goza de deportistas gañadores de premios nacionais e internacionais, e mesmo agúns deses loitadores son integrantes na selección española de loita.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Lingua materna dominante: A lingua materna dominante no centro é o galego.

Problemas sociais destacados (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar): Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características:

O alumnado de ESO e bacharelato reside, case na súa totalidade, no propio concello, pero tanto o dos ciclos como o profesorado procede de distintas partes de Galicia. Vila de Cruces é un concello extenso (28 parroquias), cunha poboación escasa e diseminada (5556 habitantes en 2015), que continúa descendendo e avellentándose (51,8 anos de idade media en 2015). O seu PIB por habitante é bastante inferior á media galega: 12714€ fronte a 19748€ (IGE, 2012).

Por outra parte, o perfil dos ciclos que se ofertan e a situación socioeconómica xeral conlevaron un aumento considerable no número de alumnado maior de idade, o que está supoñendo un cambio importante para o instituto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	TRANSVERSAL 1	COMUNICACIÓN VISUAL	12	7	X	X	X
2	TRANSVERSAL 2	XÉNEROS ARTÍSTICOS E MANIFESTACIÓNS CULTURAI	11	7	X	X	X
3	UD 1	TRAZADOS XEOMÉTRICOS	11	8	X		
4	UD 2	PUNTO, LIÑA E TEXTURAS. COR E PUNTILLISMO. TÉCNICAS GRÁFICO-PLÁSTICAS NA CARTOGRAFÍA.	11	8	X		
5	UD 3	PLANOS E PLANOS DE COR. TÉCNICAS GRÁFICO - PLÁSTICAS TRIDIMENSIONAIS.	11	8	X	X	
6	UD 4	A FORMA E A COR. TÉCNICAS GRÁFICO - PLÁSTICAS NA ILUSTRACIÓN CIENTÍFICA	11	8		X	
7	UD 5	A BANDA DESEÑADA	11	8		X	X
8	UD 6	A FOTOGRAFÍA	11	8			X
9	UD 7	O AUDIOVISUAL	11	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	TRANSVERSAL 1	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	DISTINGUIR ENTRE FIGURATIVO E ABSTRACTO, E OUTRAS CLASIFICACIÓNS XERAIS.	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	SABER UTILIZAR A COR, AS FORMAS E A COMPOSICIÓN CON INTENCIÓNS COMUNICATIVAS CONCRETAS.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	SABER UTILIZAR A COR, AS FORMAS E A COMPOSICIÓN CON INTENCIONS COMUNICATIVAS CONCRETAS, TANTO INDIVIDUALMENTE COMO EN EQUIPO.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	RELACIONAR PRODUCCIÓNS DADAS COS SEUS ESTILOS OU LINGUAXES TAMÉN DADOS		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	COMPRENDER E MANIFESTAR INTERESE POLA RELACIÓN ENTRE ARTE E SOCIEDADE, RECOÑECENDO A ARTE COMO UNHA CEACIÓN DA SOCIEDADE MESMA, E NON COMO ALGO ALLEO OU ELITISTA		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe visual como forma de comunicación. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
2	TRANSVERSAL 2	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	VALORAR ÁS ARTISTAS QUE AO LONGO DA HISTORIA NON TIVERON O RECOÑECIMENTO QUE MERECIÁN, E ENTENDER QUE AS OPORTUNIDADES DE DESTACAR NUNHA PROFESIÓN NON SON AS MESMAS PARA HOMES E MULLERES, NIN AO LONGO DA HISTORIA NIN NA ACTUALIDADE.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	SABER DESCRIBIR E SITUAR NO TEMPO E NO CONTEXTO UNHA OBRA DE ARTE CERCANA, ADQUIRINDO RESPETO POLA MESMA.		
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	RELACIONAR PRODUCCIÓNS DADAS COS SEUS ESTILOS OU LINGUAXES TAMÉN DADOS, E ENTENDER QUE AS OPORTUNIDADES DE DESTACAR NO MUNDO DA ARTE NON FORON NIN SON AS MESMAS PARA HOMES E MULLERES.		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS E AOS AVANCES TÉCNICOS.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	SABER FACER UN ANÁLISIS CRÍTICO DE CALQUERA OBRA, DADAS UNHAS PAUTAS COMO GUÍA.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	UD 1	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	BUSCAR DIFERENTES TÉCNICAS E MATERIAIS PARA EXPRESAR OU COMUNICAR DIFERENTES IDEAS.	TI	100
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS COÑECIDAS.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS E AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	ESTABLECER RELACIÓNS ENTRE O QUE SE QUERE EXPRESAR E O COMO (MATERIAIS E TÉCNICAS).		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	AMOSAR INTERESE POLA ELECCIÓN DE TÉCNICAS E MATERIAIS.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	REALIZAR UNHA AUTOAVALIACIÓN E REFLEXIÓN DURANTE O PROCESO E AO FINALIZAR O PROXECTO INDIVIDUAL OU COLECTIVO, E ACTUAR EN CONSECUENCIA DURANTE O PROCESO OU PARA O SEGUINTE PROXECTO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
4	UD 2	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	BUSCAR DIFERENTES TÉCNICAS E MATERIAIS PARA EXPRESAR OU COMUNICAR DIFERENTES IDEAS.	TI	100
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS COÑECIDAS.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	ESTABLECER RELACIÓNS ENTRE O QUE SE QUERE EXPRESAR E O COMO (MATERIAIS E TÉCNICAS).		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	AMOSAR INTERESE POLA ELECCIÓN DE TÉCNICAS E MATERIAIS.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	REALIZAR UNHA AUTOAVALIACIÓN E REFLEXIÓN DURANTE O PROCESO E AO FINALIZAR O PROXECTO INDIVIDUAL OU COLECTIVO, E ACTUAR EN CONSECUENCIA DURANTE O PROCESO OU PARA O SEGUINTE PROXECTO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
5	UD 3	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS E AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	ESTABLECER RELACIÓNS ENTRE O QUE SE QUERE EXPRESAR E O COMO (MATERIAIS E TÉCNICAS).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	AMOSAR INTERESE POLA ELECCIÓN DE TÉCNICAS E MATERIAIS.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	REALIZAR UNHA AUTOAVALIACIÓN E REFLEXIÓN DURANTE O PROCESO E AO FINALIZAR O PROXECTO INDIVIDUAL OU COLECTIVO, E ACTUAR EN CONSECUCENCIA DURANTE O PROCESO OU PARA O SEGUINTE PROXECTO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	UD 4	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	ESTABLECER RELACIÓNS ENTRE O QUE SE QUERE EXPRESAR E O COMO (MATERIAIS E TÉCNICAS).		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	AMOSAR INTERESE POLA ELECCIÓN DE TÉCNICAS E MATERIAIS.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	REALIZAR UNHA AUTOAVALIACIÓN E REFLEXIÓN DURANTE O PROCESO E AO FINALIZAR O PROXECTO INDIVIDUAL OU COLECTIVO, E ACTUAR EN CONSECUENCIA DURANTE O PROCESO OU PARA O SEGUINTE PROXECTO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	UD 5	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	DISTINGUIR ENTRE FIGURATIVO E ABSTRACTO, E OUTRAS CLASIFICACIÓNS XERAIS.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS COÑECIDAS.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
8	UD 6	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	DISTINGUIR ENTRE FIGURATIVO E ABSTRACTO, E OUTRAS CLASIFICACIÓNS XERAIS.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS COÑECIDAS.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	UD 7	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	COMPRENDER AS RELACIÓNS DA ARTE NO SEU CONTEXTO, NO QUE SE REFIERE AOS AVANCES TÉCNICOS.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	DISTINGUIR ENTRE FIGURATIVO E ABSTRACTO, E OUTRAS CLASIFICACIÓNS XERAIS.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	REALIZAR INTERPRETACIÓNS DE OBRAS COÑECIDAS.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	CUMPLIR AS FASES DUN PROXECTO INDIVIDUAL E COLECTIVO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

1. Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas: Combinar traballo individual e cooperativo, e o aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas:

- Suscitar, na medida do posible, actividades con fins creativos.
- Manter algún elemento ou dato á libre elección do alumno.
- A interacción entre os alumnos, a fin de lograr que uns aprendan doutros, baixo a supervisión do profesorado.
- A secuenciación gradual dos contidos en función do grado de dificultade, partindo sempre dos de menor grao de dificultade e terminando cos que esixen un maior grao de atención e destreza.
- Os contidos deberán ser significativos.
- A retroalimentación do sistema, aspecto sempre a ter en conta para saber que aprenden os alumnos e en que grao o fan.
- Fuxir das clases magistrais, nas que o alumnado se convérte nun mero receptor, e fomentar a participación do alumnado.
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)

3. Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de bocexos, croquis e planos acoutados.
- Análise de documentación técnica e obras de arte, deseño industrial, etc
- Resolución de problemas
- Realización de exposicións públicas
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: traballos, exercicios, proxectos, mediante rúbricas
- Exposicións orais
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

4. Agrupamentos:

Búscase unha grande interacción entre os alumnos/as e tamén ca profesora, polo que se sentarán en equipos de 3 ou 4 persoas e poderán consultarse dúbidas e traballar de forma colaborativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Espazos: aula de plástica e entornos virtuais
Material dispoñible na aula
Material que debe aportar o alumnado
Ordenadores portátiles EVA Edixgal
Recursos dixitais

ESPAZOS

Ensinanza presencial

As sesións desenvolveranse na aula de plástica, que está dotada de mesas de debuxo e do material necesario para traballar adecuadamente os contidos da materia.

Trátase dunha aula de aproximadamente 100 m², cunha iluminación natural deficiente e moi fría, debido á súa orientación norte.

O intercambio de documentos e de tarefas que vaian a ser cualificadas farase na aula.

Ensinanza semipresencial

No caso de que algún alumno/a, todo un grupo ou mesmo o profesor, tiveran que ausentarse do centro para facer corentena, a actividade docente continuaría a través do entorno EVA Edixgal e do paquete de ferramentas GSuite.

Ensinanza non presencial

No caso de confinamento xeralizado, a docencia continuaría de xeito online.

En aplicación dos horarios espello do Plan de Continxencia, habería que conectarse, cando menos, nos primeiros 30 minutos de cada sesión co alumnado, a través de videoconferencia, empregando Meet, para manter contacto directo co alumnado: brindar explicacións, establecer directrices para as tarefas e atender ás demandas do alumnado.

O intercambio de documentos e tarefas realizaríase a través da aplicación EVA Edixgal, e do paquete de ferramentas GSuite: classroom e, ocasionalmente, de Gmail e/ou Drive.

MATERIAIS

A aula está dotada cos seguintes elementos:

- 24 mesas de debuxo de 1,20x0,80m.
- 1 pizarra branca de 2,5x1,20m
- 1 pantalla de proxección
- 1 canón de proxección
- 1 ordenador portátil
- 15 cabaletes
- 1 tórculo
- 10 tornetas para modelar
- 2 piletas con auga corrente
- 1 pizarra
- 1 corcho
- 2 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra.
- 1 almacén que contén material de belas artes e debuxo técnico
- cada estudante ten un ordenador portatil

Ademáis, na aula haberá sempre a disposición do alumnado material funxible: folios, material de debuxo técnico, lápices, lápices de cores, ceras, rotuladores, pegamento, pinces, témperas, acrílico, etc...

A maiores do material do centro, os alumnos deberán dispoñer de material propio: folios e utensilios de debuxo técnico (escadra, cartabón, regra milimetrada, compás, lápices 2H e 2B, goma, etc.)

Materiais necesarios no caso de ensinanza semipresencial e/ou non presencial: Os memos materiais que no caso da ensinanza presencial e, ademáis, un ordenador con webcam e conexión a internet

RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libros de texto do entorno EVA Edixgal: Edebé, aulaPlaneta e Netex-Smart
- Banco de contidos EVA Edixgal e propios
- Paquete educativo de aplicacións GSuite: Classroom, Meet, Drive, Gmail, etc
- Diversas páxinas web de debuxo técnico.
- Programas de debuxo asistido por ordenador

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao comezar o curso académico, no mes de setembro. Realizaranse unhas prácticas e probas escritas baseadas nos estándares de aprendizaxe do curso anterior. A información recabada na avaliación inicial será trasladada ao titor do grupo de referencia, e este, á súa vez, informará a familia cando esta o solicite. Os resultados teránse en conta para comezar o curso con contidos adaptados ao nivel do alumnado, de tal xeito que a aprendizaxe sexa significativa para eles. Tamén servirán para fundamentar o plan de reforzo, se fora de aplicación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

BAREMACIÓN NA AVALIACIÓN

Teranse en conta para realizar a cualificación:

1. Actividades de aula (prácticas) e apuntes: 30% da nota de cada avaliación.

- Os traballos faranse na aula e en horario escolar. Polo tanto, para superar cada avaliación, será necesario entregalos todos.

- Os traballos deberán ser entregados dentro do prazo indicado pola profesora e serán cualificados de 0 a 10 puntos.

- A nota media dos traballos, en cada avaliación, será a media aritmética das cualificacións de todos eles.

- Cando unha actividade sexa presentada de xeito inadecuado ou non se adecúe ó esixido pola profesora poderase repetir, substituíndo a segunda nota á primeira.

2. Proxectos individuais ou en equipo: 50% da nota de cada avaliación.

- En cada avaliación realizarase, cando menos, un proxecto.

- Terase en conta tanto o proceso de traballo (50%) como o resultado obtido (50%)

- O proceso, o resultado e as exposicións públicas de traballos valoraranse de 0 a 10 puntos.

- A nota media dos proxectos realizados será a media aritmética das cualificacións de todos eles.

- O traballo poderase repetir ou ampliar, substituíndo a segunda nota á primeira se é superior.

- Compre indicar que, na cualificación dos traballos, teranse en conta as faltas de ortografía: 0,05 por cada catro faltas de ortografía e 0,05 por cada falta copiada. Aplícase o criterio a partir da quinta falta e non se descuentan máis de dous puntos (20% da nota).

3. Traballo na aula (e actitude de cara á materia): 20% da nota de cada avaliación.

- Puntuarase de cero a dez puntos, e valorarase mediante unha táboa de observación diaria.

- Cada alumno conta con dez puntos de partida, que se verán minguados segundo o seu desempeño nas clases, é dicir, cada día que o profesor considere que a valoración dun deses aspectos é negativa, descontaralle un punto ao alumno/a.

- Valoraranse:

a. O rendemento individual ou en grupo do alumno/a.

b. Se o alumno/a trae o material necesario para o normal desenvolvemento das clases.

c. Se o alumno/a coida o material e as instalacións do centro: se limpa e coida o material de pintura, escultura, gravado..., se deixa o espazo de traballo recollido, ...

NOTA DA AVALIACIÓN = (Nota media prácticas x 0,3) + (Nota media proxectos x 0,5) + (Nota traballo na aula x 0,2).

Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado en XADE non pode incluír decimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

AVALIACIÓN FINAL

Unha vez rematada a terceira avaliación, farase balance de todo o curso e calcularase a nota global, que será a media aritmética das tres avaliacións. Esta cualificación debe ser comunicada ao alumnado.

A media aritmética calcularase cas notas reais das avaliacións, non do seu redondeo. Posteriormente, para subir a nota final ao XADE, aplicarase na media obtida a lei do redondeo. Así, cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

Criterios de recuperación:

A Orde do 27 de decembro de 2022 modifica o calendario escolar para o presente curso 2022-23. Elimínase a avaliación extraordinaria e a terceira avaliación coincide coa final ordinaria, no que respecta á etapa de ESO. Polo tanto, as actividades de recuperación da materia deberán realizarse con anticipación ao remate da terceira avaliación.

A medida que avanza o curso, os traballos que non estean aprobados poderanse repetir, ou mellorar aínda que se aprobaran. De esta forma permítese unha recuperación paulatina da primeira e a segunda avaliación, e tamén dos primeiros traballos da terceira.

Aínda así, a finais de curso pode haber alumnado que non teña o aprobado na nota global. Este alumnado terá a oportunidade de recuperar as partes da materia que teña suspensas a través dos seguintes instrumentos de avaliación, segundo a natureza das partes non superadas e o criterio da profesora:

- Repetir aqueles traballos que teña suspensos, sempre que estes non sexan demasiado numerosos e se poidan realizar durante os últimos 15 días do curso. As cualificacións das recuperacións substituirán ás notas orixinais sempre que sexan maiores que estas, e despois volverase a calcular a nota de cada avaliación. Finalmente, cas novas notas, obterase a media aritmética, nota da avaliación ordinaria final.

- Realizar un traballo que englobe coñecementos e habilidades desenvolvidas ao longo de todo o curso, cando se

trate dunha recuperación da totalidade da materia. A cualificación deste traballo será a nota da avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

a) Instrumentos de avaliación

1. Tarefas semanais

- A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase a través de Classroom, ou tamén en papel.
- O total de entregas previstas para todo o curso é de 12, seguindo o calendario fixado.
- Déixanse libres as semanas de exames das avaliacións ordinarias e mais as de exames específicos de pendentes de xaneiro.
- O profesorado corruxará as tarefas antes das datas fixadas no calendario.

2. Exame/s

- Realizaranse dous exames (xaneiro e abril).
- Explicarase con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando), e establecerase como computa cada exame na cualificación final.
- O alumnado debe entregar como mínimo 4 tarefas das 6 propostas antes de cada un dos exames. Se non cumpre con este requisito mínimo, perderá o dereito a esta proba.
- Cando un alumno/a acade unha nota menor que 5 na cualificación global do plan de reforzo, terá dereito a realizar unha proba final na que se examinará de toda a materia.
- En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

b) Criterios de cualificación do plan de reforzo:

1. Tarefas: 50% da cualificación global.

2. Exame/s parciais: 50% da cualificación global. Cada un dos departamentos que realice dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%. Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas: 3,25.

c) Criterios de cualificación da proba final:

- Para o alumnado que presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, os criterios de cualificación serán os mesmos que rexen para os exames parciais.
- Para o alumnado que NON presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, a nota do exame será o 100% da cualificación global.

d) Cualificación na avaliación final:

A nota na avaliación final será a máis alta de entre estas dúas:

- A cualificación global do plan de reforzo
- A cualificación da proba final

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS ORDINARIAS

Para asegurar a cohesión do grupo, a cooperación e o aprendizaxe entre iguais, realízanse traballos de xeito colaborativo en grupos heteroxéneos. Ademais,ponse en práctica o aprendizaxe por proxectos, ca realización dun proxecto que se elaborará ao longo de todo o curso. Isto combínase con actividades individuais, adaptándose os tempos ás necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse os tempos do recreo para realizar reforzos.

Deseñaranse actividades de reforzo e de ampliación para todas as unidades didácticas.

Non é necesaria a adaptación dos instrumentos de avaliación para ningún/a alumno/a

Existe un alumno ca materia pendente, que está cursando 2º de ESO, e que realiza tarefas específicas e recibe atención individualizada, seguindo as pautas do plan de pendentes do centro. Non existe alumnado repetidor da materia cursando 1º da ESO. Realízanse con el sesiones de apoyo durante o recreo.

Se algún estudante tivera periodos de ausencia moi longos, estableceríase con el/ela unha comunicación vía telemática para mantelo ao día e facilitarlle a realización de actividades en consonancia co que se está a facer de forma presencial.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Non hai ningunha adaptación curricular para esta materia

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora		X					X	
ET.2 - Comunicación oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X							
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento, autonomía, iniciativa e creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Valores democráticos e de convivencia, igualdade, pluralidade, dereitos humanos, respecto e cooperación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Saúde, incluíndo a afectivo - sexual						X		
ET.10 - Cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable						X		X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos, rexeitamento da violencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Rechazo ao sexismo e á discriminación LGTBIQ+	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	
ET.2 - Comunicación oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento, autonomía, iniciativa e creatividade	X
ET.6 - Competencia emocional	X
ET.7 - Valores democráticos e de convivencia, igualdade, pluralidade, dereitos humanos, respecto e cooperación	X
ET.8 - Estética	X
ET.9 - Saúde, incluíndo a afectivo - sexual	
ET.10 - Cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable	
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos, rexeitamento da violencia	X
ET.12 - Rechazo ao sexismo e á discriminación LGTBIQ+	X
ET.13 - Traballo en equipo	X

Observacións:

A maioría dos diferentes valores e elementos transversais que contén o curriculum da etapa son obxecto de traballo diario ao longo de todo o curso, debido a que:

- a metodoloxía que combina diferentes formas de cooperación as cales axudan á convivencia
- que é necesario traballar con autonomía e autocrítica, así como amosar iniciativa, para levar a cabo as diferentes actividades propostas
- nesta materia será necesario exercitar necesariamente o sentido estético
- a expresión oral traballarase especialmente á hora de expor os traballos
- será necesario manexar Edixgal e realizar búsquedas de información na rede.

Por outra banda, en determinadas unidades didácticas propónse unha temática en torno á cal se traballa máis especificamente algún dos elementos transversais sinalados.

Por último, destinarse un tempo á lectura, segundo o plan lector do centro, ademais de existir unha unidade dedicada á banda deseñada

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
VISITA A ESCOLA DE BANDA DESEÑADA	Visita á escola de Kiko Dasilva en VIgo, e realización de obradoiro sobre a banda deseñada nunha aula de dita escola

Observacións:

O viaxe organizarase e realizarase xunto con profesorado de outros departamentos. Aínda que a visita á escola a farán todos/as os/as estudantes, o obradoiro será realizada por alumnado interesado na banda deseñada, mentres que o resto realiza outras actividades relacionadas con outras materias.

Poderanse realizar outras saídas, visitas culturais (museos, exposicións,...), participación nas actividades programadas polo centro e outras, sempre de índole cultural.

Todas estas actividades serán organizadas en coordinación coa Vicedirección do Centro e omunicadas con tempo suficiente a alumnos e pais.

Terase especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, non se programarán actividades complementarias no último mes de cada avaliación, de ser posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?

Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Intercálase o traballo individual e en equipo?
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?

Descrición:

A avaliación realizarase tanto de forma continua como a final de curso, utilizando escalas elaboradas cos indicadores de logro enumerados, os 12 primeiros para a avaliación do proceso de ensino, e os 12 restantes para a práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

MECANISMO DE REVISIÓN

A programación didáctica revisarase unha vez o mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.

En caso de desfase refarase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que afecten a estándares de aprendizaxe que non teñen peso na cualificación.

MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Procederáse á avaliación e posterior modificación se é o caso, da programación didáctica, en base aos seguintes indicadores de logro:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Arto 21o, 5 do D.86/15)
- 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados